



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

MEMORIA DO CONTRATO DE OBRA “AGLOMERADO NAS PARROQUIAS DE ZAS, BAILO E S. ADRIÁN” COAS 032020 (POS+2019.ADICIONAL) MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA, TRAMITACION ORDINARIA.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto unha mellora da infraestrutura viaria existente xa que debido ao uso común dela e ás condicións climatolóxicas atópase nun estado deficiente e con baixa seguridade viaria. Por razóns de interese público e para prolongar a vida útil do firme óptase por estas obras de mantemento. É financiado pola Deputación da Coruña a través do POS+2019. ADICIONAL

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

As zonas do proxecto (estradas que se sitúan nas parroquias de Zas, Baio e S. Adrián) contan, actualmente, cun rego asfáltico nun estado moi deficiente e con numerosos cortes e fochancas, incluso con afundimentos de calzada.

Con este contrato preténdese a rehabilitación de varias estradas das parroquias sinaladas, estradas que se atopan deterioradas polo uso e que teñen unha necesidade de mantemento que lle permita seguir cumprindo coa súa función de accesibilidade e vertebración do territorio. A necesidade administrativa a satisfacer consiste na mellora da infraestrutura viaria existente, sendo ademais, o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías un servizo de prestación obrigatoria para este concello, segundo o disposto no art. 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Así mesmo, tamén se teñen en conta razóns de interese público, que fan preciso iniciar o procedemento de contratación.

Dado que o Concello carece dos medios materiais e persoais necesarios, como xa se indicou no informe de necesidade do 16/04/2020, faise preciso recorrer á contratación externa da obra, para o cal se redactou a correspondente proxecto técnico, e se pretende contratar mediante un contrato administrativo de obra.

3. DESCRICIÓN

As obras proxectadas consisten na mellora e conservación das seguintes estradas municipais: Carreiteira de Ponte “Relojero” a DP.9302, Rúa da fábrica. Zas, Vilar do Mato, Ctra. Carballeira de Zas - O Vento, Ctra. Carballeira de Baio - Parque infantil, Ctra. S. Adrián - Brandomil (Tramo Berbia - O Vento)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

As OBRAS a realizar son:

3.1. AGLOMERADO EN QUENTE

Capa de 5 Cm de espesor de aglomerado en quente tipo D-12 con rego de adherencia con 0.5 kg de emulsión por m², incluído a preparación, barrido e limpeza da base do vial por medios manuais, así como a limpeza da franxa exterior da terra.

Para o cálculo da superficie, estúdiáanse os tramos e calculáanse anchos medios cada 20 metros, excepto en grandes e irregulares prazas que se estima por polígonos.

- Superficie Total a aglomerar en Ponte "Relojero" - DP.9302: 3.039,20 m²
- Superficie Total a aglomerar en Rúa A Fábrica: 220 m²
- Superficie Total a aglomerar en Vilar do Mato: 1.358,7 m²
- Superficie Total a aglomerar en Ctra. Carballeira Zas - O Vento: 688 m²
- Superficie Total a aglomerar en Ctra. Carballeira Baio - Parque infantil: 1.266 m²
- Superficie Total a aglomerar en Ctra. S. Adrián - Brandomil: 3.868 m²

3.2. PERFILADO E LIMPEZA DE CUNETAS

Previa á execución do aglomerado en quente perfiláranse as cunetas por ambos marxes en sección triangular ou no seu caso limparanse cunetas e taxas no lugar nas zonas de actuación.

3.3. MARCA VIAL CONTINUA REFLEXIVA

Unha vez executado o aglomerado en quente procederáse a marcaxe vial reflexivo de 15 Cm, con pintura reflexiva acrílica con máquina autopropulsada.

3.4. REGULARIZACIÓN CON AGLOMERADO.

Nas zoas necesarias, onde os asentamentos da calzada son severos, regularizaráse con aglomerado en quente S-20 calculando un espesor medio de 4 Cm.

4. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato é de un mes.

5. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Orzamento de execución material	68.545,50 €
Custos indirectos	2.056,37 €
Custos directos	66.489,13 €
Gastos xerais (13%)	8.910,92 €
Beneficio industrial (6%)	4.112,73 €
Orzamento base de licitación sen IVE	81.569,15 €
IVE (21%)	17.129,52 €



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

Orzamento base de licitación con IVE	98.698,67 €
--------------------------------------	-------------

Método de cálculo do Valor Estimado:

Orzamento base de licitación (IVE excluído)	81.569,15 €
Importe das modificacións previstas (IVE excluído)	0,00 €
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	0,00 €
Importe das primas pagaderas aos licitadores (IVE excluído)	0,00 €
10% aumento medicións	8.156,92 €
Prórroga (IVE excluído)	0,00 €
TOTAL VALOR ESTIMADO	89.726,07 €

No orzamento municipal do ano 2020 existe crédito a cargo da aplicación orzamentaria 1531.619.11 para atender ás obrigas derivadas do presente contrato.

A obra é financiada pola Deputación da Coruña por un importe de 98.698,67 €, que representa unha porcentaxe do 100 %.

6. DIVISION EN LOTES

As prestacións comprendidas no presente contrato constitúen unha unidade funcional, sendo indivisibles pola implicación da necesidade de coordinar a execución das diferentes actuacións, perdendo a optimización e coordinación do control da execución global no caso de división en lotes.

7. PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN

Utilizarase o procedemento aberto simplificado do art. 159.1 da LCSP dado que o valor estimado do contrato non supera á cantidade de 2.000.000 €, para o caso de obras.

Neste procedemento todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación do termos do contrato cos licitadores.

Con este procedemento preténdese unha contratación rápida e áxil, dado os prazos previstos, simplificándose os trámites ao máximo.

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

Na elección dos criterios de adxudicación téñense en conta os requisitos do procedemento seleccionado e as esixencias do POS.

Optouse por fixar criterios que atenden á relación calidade-prezo, conforme ao artigo 145 da LCSP.

Os criterios de valoración son os seguintes:

I.- CRITERIOS NON EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade:

10 puntos

Valorarase:

- Suficiencia do control de calidade na recepción de materiais na obra.
- Suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos.
- Adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra.

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACION MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

b) Programa de traballo:

10 puntos

Valorarase:

- Análise correcta do ámbito de actuación.
- Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos pre-existentes ou persoas.
- Descrición técnica adecuada dos traballos a realizar.
- Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou borde da carreteira (casetas de obra, grúas, contedores, maquinaria, etc).
- Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra.
- Calidade suficiente dos materiais a empregar na obra.
- Coherencia dos diagramas de GANTT y PERT.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

- Adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Adecuación dos medios materiais asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACION MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación medioambiental: 2,5 puntos

Valorarase:

- Análise correcta da relación da obra co medio ambiente.
- Análise correcta das posibles afeccións ambientais.
- Descrición axustada das medidas de control e corrección previstas.
- Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos.
- Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar.
- Axuste das medidas de aforro enerxético a adoptar.
- Axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais a adoptar ao final da obra.
- Axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos a realizar.
- Descrición adoitada dos vertedoiros e centros de xestión dos residuos.
- Axuste dos medios humanos asignados a xestión ambiental, na empresa e na obra.

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACION MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental que	Ata 30%

Páxina 5 de 10



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	
Ofertas que presenten un programa de actuación medioambiental que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

d) **Esquema do plan de seguridade e saúde:**

2,5 puntos

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACION MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

EXCLUSIÓN

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asinados na Fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto.

II.- CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS

II.1.- OFERTA ECONÓMICA:

Puntuación específica para o presente contrato:

5 puntos

De acordo coa fórmula elaborada , a pedimento da Deputación Provincial da Coruña , pola Facultade de Matemáticas da USC, a súa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

Páxina 6 de 10



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

II.2.- ESTABILIDADE NO EMPREGO:

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato:

0 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato:

0 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuaranse proporcionalmente.

II.3.- IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Puntuación específica para o presente contrato:

20 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.
A empresa que conte con plan de igualdade obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

II.4.- INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA

Puntuación específica para o presente contrato:

30 puntos

Daráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignáselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos).



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. Non obstante, aínda que se puntué con 0 puntos caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 5 anos.

II.5.- REDUCION DE PRAZOS (CRITERIO DE CARÁCTER ESPECÍFICO SÓ APLICABLE A AQUELES CONTRATOS NOS QUE QUEDE ESPECIFICADO NA EPÍGRAFE 6 DO CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (ANEXO I).

Proposta de redución de prazos de execución (cláusula 12 do presente Prego):

Puntuación:

20 puntos

Non se admitirán reducións de prazo superiores a un 50% e as que incorran nesta circunstancia terán 0 puntos. Non obstante, aínda que se puntuán, con 0 puntos as ofertas anteriormente indicadas, caso de resultar adxudicatario deberán executar a obra co 50% de redución do prazo.

Explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:
<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

9. CLASIFICACION E SOLVENCIA

Non se esixe a clasificación dado que o valor estimado do contrato non é igual ou superior a 500.000 €

A **solvencia** esíxese segundo o contemplado no ROLECE e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

10. REPERCUSIÓNS SOBRE A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E A SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

O presente contrato e a súa execución e mantemento permitirán o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o informado por esta Alcaldía no informe con data do 30/09/2020.

11. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Con carácter exclusivo e excluínte:

Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>)

12. ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano competente para contratar é o alcalde do Concello de Zas, de conformidade coa disposición adicional segunda da LCSP.

13. RESPONSABLE DO CONTRATO



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032020

O director facultativo da obra.

14. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De conformidade co art. 202.2 LCSP establécese como condición especial de execución, de carácter social, o ter un curso de prevención en riscos laborais cunha duración mínima de 5 horas, co fin de garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.

Durante os traballos cumpriranse as condicións das autorizacións sectoriais:

- Augas de Galicia:

1- Condicións xerais das autorizacións de Augas de Galicia

2- Condicións particulares:

- As obras están situadas en seis camiños das parroquias de Zas, Baio e S. Adrián no Concello de Zas e consisten no mantemento e mellora dos mesmos, limpando cunetas, preparando a superficie, aglomerado D-12 de 5 Cm de espesor e marcas viarias; dos cales hai tres afectados polas zonas de protección do dominio público hidráulico e son os seguintes:
 - Estrada de Ponte do "Relojero" a DP-9302: (565,00 metros de lonxitude e anchos de 5,20 a 6,30 metros). Comeza na Ponte do "Relojero" sobre o río de Zas.
 - Vilar do Mato: (353,00 metros de lonxitude e ancho de 3,10 a 5,30 metros). No seu percorrido cruza sobre o rego de Follente.
 - Estrada Carballeira de Zas - O Vento: (160,00 metros de lonxitude e ancho de 4,30 metros). Comeza a uns 18 metros do río de Zas, polo que afecta a súa zona de policía.
- Evitarase o toldamento das augas pola realización das actuacións.
- Evitarase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira.
- Deixarase en todo caso expedita a franxa de servidume de 5 metros de ancho medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
- De xeito especial, prohibese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.
Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.
Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente.
- As obras deberán estar rematadas antes do 31/12/2020, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo.
- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.

Zas,



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

COAS 032020

O Alcalde
D. Manuel Muíño Espasandín